

MPN

ASUNTO.- PROPOSTA DO SERVIZO DE COOPERACIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO E ANEXO II BASES DE ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2024 PARA FACER FRONTE A DIVERSAS NECESIDADES DE GASTO

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Cooperación cos Municipios, desenvolve proxectos e actuacións que teñen como fin a promoción do territorio provincial transfronteirizo mediante o desenvolvemento de actividades que poñan en valor os recursos endóxeos deste territorio: valores naturais, ambientais, culturais e paisaxísticos. O obxectivo destas accións é lograr a máxima cohesión económica e social neste territorio.

Para seguir avanzando na cooperación co norte de Portugal fanse necesarias unha serie de accións previstas para a anualidade 2024 que non deberían demorarse ata o próximo exercicio e que desenvolveranse mediante a sinatura dos correspondentes convenios de colaboración coa Deputación Provincial. Estas accións son:

	Anualidade	Importe convenio
Convenio de colaboración co Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) NIF: G36741049 para "TECER PONTES CO MUNDO, CONSTRUIR PONTES DE LUSOFONÍA"	2024	13.500,00 €
Convenio coa Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas Ondas (PNO!) NIF: G36350015 para a realización de obradoiros de radio e podcasts e a celebración do "Dia internacional do Patrimonio Mundial"	2024	15.000,00 €
Convenio de colaboración coa Federación Galega de Balonmán NIF: G36690832 para levar a cabo o "I TORNEO TRANSFRONTEIRIZO DE BALONMAN DO RIO MINHO"	2024	13.500,00 €
Convenio coa Orquestra Clásica de Vigo NIF: G36688422, para poñer en valor a histórica conexión artística da música e do patrimonio no Territorio Transfronteirizo do Río Miño no marco do programa: "CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO"	2024	19.750,00 €
Convenio coa Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piveiro NIF: G94164167 para o Desenvolvemento do Encontro "A ROSEGHA UNINDO POBOS" que se realizará entre o 12 e o 14 de xullo no porto da Guarda.	2024	11.500,00 €



Convenio con Xuventudes Musicais Eixo Atlántico NIF G94076437 para desenvolver o "CONCERTO DE JORGE PALMA E A ORQUESTRA TRANSFRONTEIRIZA", o 19 de xullo de 2024 en Tui.	2024	30.000,00 €
TOTAL		103.250,00 €

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E DO INTERESE PÚBLICO DAS ACTUACIÓNS

Convenio de colaboración co Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) para "TECER PONTES CO MUNDO, CONSTRUIR PONTES DE LUSOFONÍA"

A provincia de Pontevedra limita có país luso e conta cunha gran tradición e intereses en común. A relación de proximidade entre Galicia e o país lusófono permítelle ao galego conseguir unha vantaxe competitiva nos ámbitos como a cultura ou a economía. Por iso, ese vínculo da comunidade galega coa lusofonía permite reforzar a proxección internacional do galego. A importancia dunha acción exterior da Deputación de Pontevedra, especialmente respecto ao norte de Portugal, actualizada, consensuada e planificada entre todos os actores implicados é un elemento chave para a recuperación económica e para a proxección exterior da provincia.

Esta proposta de convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación e o IGADI para mellorar a proxección internacional da Deputación e os concellos da provincia reforzando a Acción Exterior de Galicia.

Todo isto enmárcase no novidoso contexto institucional e normativo actual, coa publicación no Diario Oficial de Galicia, en marzo de 2021, la Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia, así como na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) como observador asociado no verán de 2021. Así mesmo, o 28 de setembro de 2023 anunciouse por parte da Xunta de Galicia a creación do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade có obxecto de revalorizar o galego a nivel internacional e reforzar as relacións có mundo lusófono, o cal conecta a través da fala unha comunidade de máis de 270 millóns de persoas (Decreto 134/2023, de 28 de setembro, polo que se crea e regula o Observatorio da lusofonía Valentín Paz Andrade). Galicia mantén fortes lazos coa lusofonía, especialmente coa zona norte de Portugal, polo que débese seguir aproveitando esta enorme vantaxe lingüística para estreitar relacións a nivel cultural, económico ou educativo có mundo de fala portugués. A importancia dunha acción exterior da Deputación de Pontevedra, especialmente respecto ao norte de Portugal, consensuada e planificada entre todos os actores implicados é un elemento chave para a recuperación económica e para a proxección exterior da provincia. Ademais, as actividades do convenio enmarcaranse na renovada Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027, xa aprobada polo Consello da xunta e actualmente en proceso de oficialización coa aprobación da mesma no Parlamento de Galicia.



O obxecto desta colaboración consiste en actualizar e dinamizar a conectividade da Deputación de Pontevedra e dos concellos da provincia coa Acción Exterior de Galicia, e de maneira particular nas relacións de Galicia e Pontevedra cos territorios intercontinentais de lingua oficial portuguesa no marco da Acción Exterior española e galega. A finalidade é a de dotar a Deputación dunha visión estratéxica tendo en conta o marco xurídico actual e á posta da entidade pola cooperación transfronteiriza con Portugal. Para isto, levarase a cabo a actualización do estudo “A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia: Diagnose e Boas Prácticas”, un Webminar para os concellos da provincia arredor do marco normativo da Acción Exterior de Galicia e vínculos coa lusofonía e a realización da 2ª edición da Gala da Lusofonía “*A República dos sonhos: Non somos o mesmo país pero non somos estranxeiros*”.

As accións obxecto deste convenio desenvolveranse no último trimestre deste ano.

Convenio coa Asociación Ponte... nas Ondas! para a realización de obradoiros de radio e podcasts en centros educativos transfronteirizos e a celebración do “Día internacional do Patrimonio”

PNO é unha Asociación Cultural e Pedagóxica que, desde 1995, realiza actividades educativas e culturais en Galicia e o norte de Portugal. Entre os fins da asociación están a promoción de actividades culturais e pedagóxicas así como a promoción da identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono.

Desde 2015 é unha ONG acreditada pola UNESCO para o Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI), a única entidade recoñecida en Galicia. No ano 2022 a UNESCO recoñeceu e inscribiu o “modelo Ponte...nas ondas! de boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial galegoportugués” a instancias de Portugal e de España co apoio da Xunta de Galicia.

O convenio de colaboración a asinar con esta entidade por parte da Deputación de Pontevedra consiste na realización de dúas actividades ligadas pero de realización independente: A realización duns obradoiros de radio e podcasts sobre PCI que se desenvolverán en centros educativos do sur da provincia; e a celebración do “Día Internacional do Patrimonio” na que se desenvolverá un acto público cunha emisión por radio e internet e cunha actuación musical e un condutor do acto.

O desenvolvemento da colaboración xustifícase na protección e difusión do patrimonio cultural inmaterial transfronteirizo mediante a realización de accións que promoven:

- Aumentar a interrelación con persoas, familias e entidades diversas de cara a avanzar e afondar na recollida e estudo do patrimonio cultural histórico inmaterial transfronteirizo.
- Avanzar a posta en valor dos devanditos contidos coa finalidade de poñelos a disposición de toda a sociedade en formatos áxiles e modernos que garantan a máxima flexibilidade e dispoñibilidade para a súa consulta.



- De xeito moi especial, contéplase diversas estratexias de comunicación para dar a coñecer o modelo de Ponte...nas ondas! como boa práctica co PCI.

Os obradoiros realizaranse nos meses de setembro, outubro e novembro de 2024, mentres que o acto de celebración do “Día Internacional do Patrimonio” está previsto para o 16 de novembro.

Convenio de colaboración coa Federación Galega de Balonmán para a promoción e desenvolvemento do “I TORNEO TRANSFRONTEIRIZO DE BALONMAN DO RIO MINHO”

No territorio transfronteirizo do río Miño existe unha tradición e trascendencia do balonmán que non existe noutros lugares. Esta cultura do balonmán debe aproveitarse coa finalidade de levar a cabo programas conxuntos de apoio á actividade física e deportiva e así poder crear puntos de encontro entre os deportistas e a sociedade.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra e a Federación Galega de Balonmán (entidade privada sen ánimo de lucro), en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas entidades e, especialmente, no marco de cooperación de proxectos e actuacións de interese común, elaboraron unha proposta de convenio co fin de colaborar para levar a cabo o “I Torneo Transfronteirizo de Balonmán do Río Minho”, que terá lugar no mes de novembro deste ano 2024.

O “I Torneo Transfronteirizo de balonmán do Río Miño”, constitúese como un evento transfronterizo que transcende o ámbito estritamente deportivo e se configura como un enriquecedor punto de encontro para dinamizar os municipios e cámaras municipais deste territorio, fomentando o coñecemento mutuo e a interrelación entre as dúas culturas irmás e vertebrando o territorio e aproveitando sinerxías cara o seu desenvolvemento socioeconómico.

Durante a realización do torneo, que se desenvolverá durante 3 días no mes de novembro do 2024, a zona transfronteiriza converterase no epicentro do balonmán infantil, xa que no torneo participarán mais de 400 deportistas, disputándose un total de 18 encontros.

O obxectivo xeral deste convenio é o de promover o deporte entre Galicia e Portugal levando a cabo o “I Torneo Transfronteirizo de balonmán do Río Miño”, constituíndo un evento transfronterizo que transcende o ámbito estritamente deportivo e configurándose como un enriquecedor punto de encontro para dinamizar os municipios e cámaras municipais deste territorio, fomentando o coñecemento mutuo e a interrelación entre as dúas culturas irmás, vertebrando o territorio e aproveitando sinerxías cara o seu desenvolvemento socioeconómico.



Convenio de colaboración coa Orquestra Clásica de Vigo para poñer en valor a histórica conexión artística da música e do patrimonio no Territorio Transfronteirizo do Río Miño no marco do programa: "CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO"

A Orquestra Clásica de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia con máis de 39 anos de existencia, alcanzando grande prestixio e personalidade propia no ámbito da música.

Co programa "Concertos ás beiras do Miño" a Orquestra Clásica de Vigo ten a oportunidade durante a tempada estival de realizar un traballo que estableza lazos coas comunidades da contorna. Por este motivo ofrécese unha actividade periódica que aposta pola diversidade na programación viaxando polas poboacións nas dúas marxes do río Miño. Este programa é unha oportunidade para tecer unha ponte cultural a través da música de orquestra, escollendo espazos únicos das localidades fronteirizas como son os castelos, as igrexas, os parques ou as prazas.

Neste senso, a Estratexia Común de Desenvolvemento Transfronteiriza España-Portugal promove a través do seu eixo 3.5 o desenvolvemento de proxectos culturais transfronteirizos vinculados ao patrimonio cultural tanxible e intanxible. Propón accións tales coma fomentar a cooperación cultural transfronteiriza mediante o diálogo e o intercambio histórico-cultural e artístico, coa finalidade de contribuír ao enriquecemento e impulsar a creación; promover a difusión transnacional da cultura e o coñecemento e dos artistas/creadores e as súas obras, como vectores do desenvolvemento socioeconómico e a integración social e cidadá, facilitando a accesibilidade cultural e o intercambio do patrimonio cultural, así como a divulgación de obras artísticas.

O Plano de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para o período 2021-2027, destaca a relevancia de levar a cabo proxectos culturais dinámicos no territorio que versen sobre a identidade cultural e artística compartida entre Galicia e o Norte de Portugal, debendo recibir unha atención prioritaria por parte das autoridades públicas locais, axentes culturais e artísticos, centros de formación artística e medios de comunicación.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra e a Orquestra Clásica de Vigo pretenden poñer en valor o a histórica conexión artística das dúas beiras do río Miño e o de ofrecer unha programación de concertos e actividades divulgativas abertas ao público, que contribúa a consolidación de audiencias entre o público deste territorio transfronteirizo.

O patrimonio histórico e natural deste territorio é extenso e mostra un poderoso atractivo. No programa de concertos quérese aproveitar a oportunidade para exploralo desde a música e conectar ao público a través dos espazos, a memoria e o patrimonio de pequenas localidades que normalmente non teñen acceso á música sinfónica polo seu custo e barreiras de acceso.



Trátase dun convenio cun encadramento claro de apoio ás políticas públicas desenvolvidas pola Deputación nos últimos anos, en canto á promoción e desenvolvemento local do territorio provincial fronteirizo con Portugal, aproveitando o feito transfronteirizo como recurso e oportunidade para a mellora social e económica da poboación dos municipios que dito territorio transfronteirizo abranxe.

Convenio de colaboración coa Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro para o Desenvolvemento do Encontro "A ROSEGHA UNINDO POBOS" que se realizará entre o 12 e o 14 de xullo no porto da Guarda

É obxecto deste convenio financiar a programación lúdica e cultural que terá lugar entre o 12 e o 14 de xullo de 2024 no encontro "A Rosegha unindo pobos", no porto da Guarda. Esta programación consistirá en actividades musicais, literarias, obradoiros, exposicións, decoración e navegación.

A Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro é unha entidade sen ánimo de lucro, cuxo principal obxectivo é a recuperación, conservación e difusión do patrimonio relacionado coa vida do mar mediante a organización de actividades divulgativas e recreativas.

No Encontro de embarcacións tradicionais "A Rosegha unindo pobos", participarán asociacións culturais das dúas marxes do río Miño e embarcacións tradicionais de, entre outras procedencias, Pova de Varzim, Vila do Conde, Esposende, Viana, Caminha, Vila Nova de Cerveira, e Valença.

Paralelamente ao encontro de embarcación desenvolveranse unha serie de actividades relacionadas coa cultura mariñeira como actividades musicais; actividades literarias; exposicións; decoración das rúas e prazas... Trátase dunha oportunidade para tecer unha ponte cultural a través da cultura mariñeira e da música entre as localidades situadas nas dúas beiras do Miño.

O encontro é unha oportunidade para tecer unha ponte cultural a través da cultura mariñeira e a música entre as localidades situadas nas dúas beiras do Miño.

Trátase dun convenio cun encadramento claro de apoio ás políticas públicas desenvolvidas pola Deputación nos últimos anos, en canto á promoción e desenvolvemento local do territorio provincial fronteirizo con Portugal, aproveitando o feito transfronteirizo como recurso e oportunidade para a mellora social e económica da poboación dos municipios que dito territorio transfronteirizo abranxe



Convenio con Xuventudes Musicais Eixo Atlántico para desenvolver o "CONCERTO DE JORGE PALMA E A ORQUESTRA TRANSFRONTEIRIZA", o 19 de xullo de 2024 en Tui

XM Eixo Atlántico é unha asociación sen ánimo de lucro que é a titular e organizadora do International Keyboard Festival & Masterclass (IKFEM), festival que ten coma obxectivo o fomento das culturas española e portuguesa, en especial a musical, mediante actividades de divulgación e formación que se realizan principalmente na Eurocidade Tui-Valença.

XM Eixo Atlántico busca promover a diversidade cultural e o fortalecemento dos lazos transfronteirizos entre Galicia e o norte de Portugal, mediante o fomento da colaboración entre artista galegos e portugueses, así como enriquecer a vida cultural da rexión e fomentar a comprensión mutua entre as comunidades de ambos países.

Co desenvolvemento da "Orquestra Transfronteiriza do Río Miño. 26 municipios da Raia unidos pola música" o que se persigue e a participación de músicos dos 26 municipios (16 da provincia de Pontevedra e 10 portugueses) que conforman o territorio transfronteirizo do Río Miño, para realizar un convenio sinfónico único que terá lugar o 19 de xullo de 2024, xunto ao artista de rock por excelencia de Portugal, Jorge Palma.

A orquestra se creará a través dunha convocatoria participativa que principalmente estará destinada a músicos mozos dos conservatorios, bandas e escolas de música dos 26 municipios tendo en conta a importante cantera de músicos e entidades musicais do territorio. A convocatoria incluírá criterios de selección para crear unha orquestra con calidade artística.

O concerto do 19 de xullo terá lugar na Eurocidade Tui-Valença no marco do Festival IKFEM 2024.

O obxectivo xeral deste convenio é financiar as propostas lúdicas e culturais vencelladas a realización do concerto do 19 de xullo, que comezarán no mes de abril coa convocatoria para a selección dos músicos, continuarán a longo dos meses de xuño e xullo cando se desenvolverán os encontros de ensaios e as actividades lúdicas para participantes e as súas familias, e culminarán coa realización do concerto de Jorge Palma e a Orquestra Transfronteiriza enmarcado na duodécima edición del IKFEM.

Segundo.- Dado que no orzamento aprobado para o 2024 non existe crédito previsto para a financiación destes convenios, é necesario dotar de crédito extraordinario a partida 24/942.9431.489.01 "***Convenios con entidades sen ánimo de lucro e federacións deportivas***", por importe de **103.250,00 €**.

Terceiro.- Ao tratarse de subvencións directas, e dado que o procedemento ordinario para a concesión de subvencións é o procedemento de concorrencia competitiva, as subvencións para as que non existe un Programa de Deputación aprobado polo Pleno, deben ir recollidas nominativamente no orzamento inicial ou dotarse de crédito mediante un expediente de modificación aprobado polo Pleno.



É necesaria **tamén a modificación do Anexo II das Bases de Execución**, engadindo e modificando como subvencións nominativas do Servizo de cooperación as recollidas na táboa do punto segundo.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da lei reguladora das facendas locais (RDL 2/22004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2024, infórmase favorablemente esta proposta de crédito extraordinario e solicítolle que se fagan os trámites oportunos para a súa aprobación, do seguinte xeito:

Aplicacións nas que se xenera o crédito extraordinario

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
24/942.9431.489.01	CONVENIOS CON ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO E FEDERACIÓNS DEPORTIVAS.	103.250,00 €
	Total.....	+ 103.250,00 €

Documento asinado dixitalmente á marxe



MPN

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2024 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS.

PRIMEIRO.- Tendo en conta as necesidades de financiamento de actuacións existentes derivadas dos fins institucionais da Deputación, e máis especificamente as encomendadas durante o presente exercicio 2024 ao Servizo de Cooperación, relaciónanse as seguintes finalidades e necesidades de financiamento:

FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	TIPO MODIFICACIÓN	CANTIDADE INCREMENTAR ORZAMENTO 2024
Financiamento do proceso de especialización do Campus CREA (UVigo)	24/942.3260.453.94	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	55.000,00€
Financiamento para dotar a convocatoria de axudas para elaborar propostas de proxectos conxuntos Universidade-empresa (UVigo)	24/942.2410.453.94	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	30.000,00€
Financiamento dun investimento do concello de PONTECESURES “Renovación do firme en dous camiños municipais”	24/942.9420.762.44	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	36.677,99€
Financiamento dos investimentos “Mellora da contorna e do lavadoiro do río do Prado” (48.390,76€) e “Subministración dunha marquesiña” (7.968,28€) do concello de MOAÑA	24/942.9420.762.30	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	56.359,04€
Financiamento dun investimento do concello da ILLA DE AROUSA “Recuperación da praza do Regueiro como espazo público de encontro e cohesión social das veciñas e veciños da Illa de Arousa” (financiada con sobrantes do RINF_23_05765 A ILLA ao recibir subv do IDAE)	24/942.9420.762.75	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	45.341,97€
Estudos e traballos técnicos Enerxía Comunitaria (PROX. 2400003 P. Pontevedra enerxía c. limpa)	24/942.4252.227.06	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	141.500,00€

SEGUNDO.- Co fin de que as actuacións de interese público sinaladas poidan levarse a cabo correctamente, é necesario dotar co crédito suficiente as aplicacións orzamentarias correspondentes, e polos seguintes e respectivos motivos que a continuación se sinalan.



1.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O FINANCIAMENTO DO PROCESO DE ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS CREA (Universidade de Vigo) CON CARGO Á APLICACIÓN 24/942.3260.453.94

O proxecto Campus CREA dota ao campus de Pontevedra dunha maior singularidade e especialización en base ás súas vantaxes competitivas. Ademais, o proxecto aglutina baixo unha mesma identidade e imaxe de marca todas aquelas áreas de coñecemento nas que o campus de Pontevedra ten experiencia e capital humano, tales como arte, comunicación, educación, publicidade e relacións públicas. O concepto aglutinador de todas estas disciplinas (representado mediante a denominación CREA) relaciónase coa acción de “crear” e coa creatividade en si mesma, entendéndoa como un proceso esencial para a resolución dos problemas e retos sociais mediante novas solucións innovadoras adaptadas á realidade.

Por outra banda, o Campus CREA representa un campus dinámico e conectado coa súa contorna, mediante o establecemento de sinerxías e liñas de actuación conxunta entre a Universidade de Vigo e o tecido empresarial, económico, social e cultural da provincia e as Administracións públicas.

Por todo elo, a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo apostan decididamente pola colaboración co propósito de dotar de personalidade propia e identidade científica ao campus de Pontevedra a través da creación dun campus universitario con capacidade de proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia de Pontevedra.

E, para artellar a colaboración entre as partes cara á proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia de Pontevedra, prevese a fórmula do convenio como idónea para acadar os obxectivos propostos. Neste senso os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal como establecen os artigos 47 e os seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Os convenios constitúen un instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, segundo resulta do contido do artigo 57 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O principal obxectivo do convenio é contribuír ao proceso de especialización no que está inmerso o Campus universitario de Pontevedra. A financiación das actividades propostas contribuirá á consecución dos obxectivos marcados no Plan estratéxico do Campus CREA.

Como obxectivos secundarios identifícanse:

- a) Divulgación do Programa de Doutoramento CREA. Este programa de doutoramento ten moitas particularidades xa que é único a nivel internacional e promove a investigación académica inter e multidisciplinar. Calquera traballo académico que se faga dentro deste programa debe traballar,



polo menos, dúas liñas de investigación diferentes pero complementarias dentro do marco establecido polo campus de especialización. Este programa está captando moitos doutorandos e doutorandas procedentes doutros países, pero é preciso dar continuidade a un proceso de internacionalización que permita seguir acadando os obxectivos específicos do programa de doutoramento e do campus de especialización. Nese sentido se plantexan accións de internacionalización en varias vías: para atraer novos investigadores e doutorandos para o programa (a través da participación activa en feiras e congresos internacionais) e para favorecer a internacionalización da investigación levada a cabo neste programa de doutoramento (mediante a financiación de dúas estadias para doutorandos).

b) Planificación e execución de eventos promocionais e de divulgación que fagan referencia aos intereses estratéxicos do Campus CREA. Nese senso organizarase o I Congreso Internacional CREA no que se vincularán diferentes áreas de coñecemento en torno a ese eixo que atraerá a investigadores do ámbito científico e académico de distintas entidades internacionais. Noutro ámbito xeográfico, organizarase a Semana da Creatividade, de gran repercusión na contorna de Pontevedra e na rexión de Galicia. Ambas accións favorecen a transferencia de coñecemento da Universidade á empresa e a sociedade, en xeral.

En definitiva, en relación co convenio de colaboración que se vai tramitar entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo a Deputación asumirá para a **anualidade de 2024** compromisos económicos por un importe total de **55.000,00€** (IVE engadido), destinados ao **financiamento do proceso de especialización do CAMPUS CREA (Universidade de Vigo)** para desenvolver as seguintes actividades:

- Potenciación do doutoramento CREA (10.000,00 €)
- Semana da Creatividade (15.000,00 €)
- I Congreso Internacional CREA (20.000,00 €)
- Axudas predoutorais para desenvolver investigacións vinculadas á especialización do Campus CREA e do doutoramento CREA (10.000,00 €)

Por todo o exposto, para facer fronte as necesidades de financiamento das citadas actuacións, propónse unha modificación de crédito no próximo Pleno, que se celebrará no mes de maio do 2024, para que se dote con **55.000,00€** á aplicación **24/942.3260.453.94**.



2.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ELABORAR PROPOSTAS DE PROXECTOS CONXUNTOS UNIVERSIDADE-EMPRESA CON CARGO Á APLICACIÓN 24/942.2410.453.94

A colaboración con empresas do entorno, como actividade orientada a transferir o coñecemento xerado na universidade, constitúe unha función esencial da Universidade, a tamén chamada terceira función. Para tales efectos, a Universidade asume o desenvolvemento da investigación científica, técnica, humanística e artística, así como a formación de persoal investigador, atendendo tanto á investigación coma ao desenvolvemento experimental e tecnolóxico.

A convocatoria de axudas para elaborar propostas de proxectos conxuntos Universidade-empresa, e en virtude da cal se levará a cabo un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, ten por obxecto financiar proxectos de interese para a Universidade de Vigo, as empresas do entorno e a Deputación de Pontevedra, apoiando as colaboracións que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Pontevedra e ao coñecemento da súa realidade, así como a especialización do Campus de Pontevedra-Campus CREA.

Para levar a cabo a colaboración entre as partes, prevese a fórmula do convenio como idónea para acadar os obxectivos propostos. Neste senso, os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal como establecen os artigos 47 e os seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

En concreto, financiaranse proxectos relacionados cos ámbitos socioeconómicos máis propios da provincia, ou calquera outro sempre que se xustifique axeitadamente a súa relación coa provincia de Pontevedra, dentro das seguintes liñas:

- No ámbito de Ciencias da saúde:
 1. Investigación en novas estratexias de prevención e promoción da saúde .
 2. Medicina e saúde pública: promoción educación para saúde.
- No ámbito de Ciencias:
 1. Biodiversidade e conservación de hábitats.
 2. Agrobioloxía ambiental: calidade, solos e plantas.
 3. Contaminantes, ambientais terrestres e mariños.



- No ámbito das Ciencias sociais:
 1. Economía, sociedades e territorio: estudos demográficos.
 2. Redes sociais e novas tecnoloxías.
 3. Comunicación e produtos de entretemento activo.
- No ámbito tecnolóxico:
 1. Enerxías renovables.
 2. Dixitalización: tecnoloxía da información e a comunicación (TICs).
- No ámbito de Humanidades:
 1. Investigación en arte contemporánea, arte e antropoloxía e políticas culturais.
 2. Deseño e moda.
 3. Humanidades dixitais

Por todo o exposto, e considerando que a Deputación de Pontevedra conta coa previsión económica na anualidade de 2024 de 30.000,00 € en concepto de colaboración na captación e xestión de fondos europeos e, polo tanto, podería asumir para a anualidade 2024 compromisos económicos para financiar axudas para elaborar propostas de proxectos conxuntos Universidade-empresa en convocatorias de carácter europeo, nacional ou rexional, cun orzamento de 6.000,00€ por proxecto, propónse unha modificación de crédito no próximo Pleno, que se celebrará no mes de maio do 2024, para que se dote con **30.000,00€** á aplicación **24/942.2410.453.94**.



3.- INCOACIÓN DE TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA DOTAR ORZAMENTARIAMENTE APLICACIÓN 24/942.9420.762.44 UN INVESTIMENTO DO CONCELLO DE PONTECESURES

O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 7.7624 de 28/05/2021, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia), publicadas no BOPPO núm. 102 de 01/06/2021. Posteriormente as ditas bases modificáronse mediante o acordo núm. 8.7706 do Pleno provincial de 26/11/2021, e a dita modificación publicouse no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021.

No marco do Programa ReacPon, o Pleno da Deputación mediante o acordo núm. 4.7719 de 17/12/2021 aprobou a concesión dunha subvención ao Concello de Pontecesures, polo procedemento de concorrencia competitiva, por importe de 330.101,87 euros co obxecto do financiamento do investimento denominado “Obra re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures”, cun orzamento de 366.779,86€, e unha achega municipal de 36.677,99€ (expte. 2021025615).

O día 14/02/2022 asinouuse o correspondente convenio de colaboración entre ambas administracións (expte. 2021040023).

Na data 11/03/2022, mediante a resolución presidencial núm. 2022001745, concedeuse unha subvención por importe de 36.677,99€ ao Concello de Pontecesures, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal da citada actuación (expte. 2022009725).

Na data 28/12/2023 o Concello presenta na Sede Electrónica da Deputación (núm. rexistro 2023024247) a comunicación da decisión de non levar a cabo a execución do investimento debido a que *“a tramitación do expediente non permitiu que a obra se puidera executar nos prazos outorgados no convenio de colaboración asinado por ambas partes para a execución da obra (...)”* e, así mesmo, presenta o certificado do acordo plenario municipal de 19/12/2023 polo que se acorda non adxudicar o contrato da actuación de referencia.

O día 04/04/2024 o Concello presenta na Sede Electrónica da Deputación (núm. rexistro 2024005696) un escrito da Alcaldía no que renuncia á subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon por importe de 330.101,87€ e no que solicita a extinción do convenio asinado entre ambas administracións.

Posteriormente, o 11/04/2024 o Concello de Pontecesures presenta na Sede Electrónica da Deputación (núm. rexistro WEB2024024352) unha solicitude de subvención pola cantidade sobrance correspondente á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023, con destino ao financiamento do seguinte investimento:



DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Renovación do firme en dous camiños municipais	36.677,99 €	36.677,99 €

Para facer efectivo este novo investimento é preciso a modificación orzamentaria pertinente co fin de que o crédito orzamentario da anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023 na cantidade de **36.677,99€** transferido á aplicación orzamentaria do Programa ReacPon 24/942.9420.762.75.2022 pase a aplicación orzamentaria do Servizo de Cooperación **24/942.9420.762.44.**



4.- INCOACIÓN DE TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA DOTAR ORZAMENTARIAMENTE A APLICACIÓN 24/942.9420.762.30 PARA O FINANCIAMENTO DE DOUS INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE MOAÑA

O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Moaña con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación do edificio do Concello Vello de Moaña”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 - Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

O orzamento do investimento ascendía a 1.160.815,50€ e a subvención concedida a 870.611,62€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 290.203,88€ (25%).

Na data 26/01/2022 asínase o convenio de colaboración entre ambas administracións para a execución do investimento.

Mediante o acordo núm. 6.31229 da Xunta de Goberno, de 04/02/2022, concedeuse ao Concello de Moaña unha subvención de 290.203,88€, con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento.

O cadro de financiamento é o seguinte:

Programa ReacPon	870.611,62€	75%
Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022	290.203,88€	25%
TOTAL	1.160.815,50€	

Posteriormente, o Concello de Moaña informa á Deputación da notificación por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) da resolución definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha axuda por un importe de 487.741,94€, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP Local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), con destino ao financiamento da actuación de referencia. Do total desta nova axuda, 9.135,43€ corresponden a honorarios, partida non incluída na subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon.

Á vista da obtención da subvención ministerial, e mantendo as porcentaxes de financiamento recollidas no convenio (75% e 25%), mediante o acordo do Pleno provincial núm. 6.7925, de 27/01/2023, aprobouse a modificación do acordo plenario núm. 4.7719, de 17/12/2021, de concesión da subvención para reaxustar o financiamento da actuación, de conformidade coa seguinte táboa:

Programa ReacPon	511.656,74€
Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022	170.552,25€
MITMA (subvención PIREP Local sen honorarios)	478.606,51€
TOTAL	1.160.815,50€



Unha vez executado o investimento, o Concello de Moaña xustificou na Deputación gastos por un total de 931.949,04€ e o 28/12/2023 a Deputación procedeu ao pagamento ao Concello de 547.704,62€ (410.778,46€ correspondente á subvención do Programa ReacPon (75%) e 136.926,16€ correspondente á subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022 (25%)).

Posteriormente, na data 13/05/2024 o Concello de Moaña realiza un ingreso na conta bancaria da Deputación no que devolve a cantidade de 91.226,71€ da subvención recibida da Deputación co fin de evitar o sobrefinanciamento do citado investimento ao ter recibida a correspondente subvención do MITMA.

Tendo en conta o anterior, o pagamento efectivamente realizado pola Deputación minórase ata a cantidade de 456.477,91€ (342.358,43€ correspondente á subvención do Programa ReacPon (75%) e 114.119,48€ correspondente á subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022 (25%)).

Da cantidade da subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, resulta un sobranter para o Concello de 56.432,77€, ao restar á cantidade concedida e modificada (170.552,25€) o importe pagado da xustificación da actuación (114.119,48€).

O día 13/05/2024 o Concello de Moaña presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024030800) unha solicitude de subvención de 56.359,04€, de conformidade co citado importe sobranter, para os seguintes investimentos:

ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
Mellora da contorna e do lavadoiro do río do Prado	48.390,76€	48.390,76€
Subministración dunha marquesiña	7.968,28€	7.968,28€
TOTAL	56.359,04€	56.359,04€

Para facer efectivos estes novos investimentos é preciso a modificación orzamentaria pertinente co fin de que parte do crédito orzamentario do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022 (**56.359,04€**), transferido á aplicación orzamentaria do Programa ReacPon, retorne á correspondente aplicación orzamentaria do Servizo de Cooperación e poida tramitarse con posterioridade unha subvención nominativa.



5.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA DOTAR ORZAMENTARIAMENTE A APLICACIÓN 24/942.9420.762.75 CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA LIQUIDACIÓN DO INVESTIMENTO DO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA “RECUPERACIÓN DA PRAZA DO REGUEIRO COMO ESPAZO PÚBLICO DE ENCONTRO E COHESIÓN SOCIAL DAS VECIÑAS E VECIÑOS DA ILLA DE AROUSA”.

ANTECEDENTES

- En data 16/07/2021 subscribiuse un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa co obxecto do financiamento do investimento “Urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao-EP 9803”. O financiamento entre a Deputación e o Concello, segundo a cláusula terceira do convenio estaba distribuído do seguinte modo:

ORGANISMO	IMPORTE ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	812.154,11€	70%
Concello da Illa de Arousa	348.066,05€	30%
TOTAL	1.160.220,16€	

- As achegas do Concello da Illa de Arousa ao devandito convenio fixéronse efectivas a través dos sucesivos Plans Concellos 2020, 2021 e 2022 mediante acordos da Xunta de Goberno Provincial . número 2.30890 do 22/10/2021 (98.463,60 euros); número 13.30919 de 29/10/2021 (81.583,95 euros) e número 8.31385, de 04/03/2022 (168.018,50 euros).
- As subvencións foron concedidas contra as aplicacións 2023/942.9425.762.45.2020; 2023/942.9425.762.45.2021 e 2023/942.9425.762.45.2022 se ben posteriormente xerouse crédito na aplicación correspondente do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que en última instancia asumía a licitación e execución do investimento.
- En data 08/04/2022, a Xunta de Goberno acorda adxudicar o contrato de obra por un importe de 989.435,76 euros, IVE engadido.
- Mais, o proxecto denominado “Urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao-EP 9803” obtivo unha subvención por parte do Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE) por importe de 814.160,96 euros ao amparo do RD 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais en concellos en reto demográfico (Programa DUS 5000).

Ao outorgarse unha subvención do IDAE, o cadro de financiamento do Convenio muda, posto que a achega do concello da Illa de Arousa pasa a importar 103.817,76 euros no lugar dos 348.066,05 euros establecidos inicialmente, arroxando a prol da entidade local, inicialmente, **un remanente de 244.248,29 €**, que o beneficiario poderá destinar a outros



investimentos “(...) mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos que estea vixente no momento da concesión (...)”.

- En data 10/02/2023, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 25.32232, apróbase a 3ª Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa para a execución do proxecto “Urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao, EP. 9803” (expte. 2021003954)

Segundo o pacto primeiro da 3ª Addenda, a distribución do financiamento entre as entidades participantes queda configurada como segue:

ORGANISMO	IMPORTE ACHEGA	FINANCIAMENTO	%	TOTAL
Deputación de Pontevedra	242.241,44€	2023/456.4530.612.02.2021	20,88	242.241,44€
Concello da Illa de Arousa	103.817,76€	Plan Concellos 2020 e 2021	8,95	103.817,76€
IDAE	814.160,96€	Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241	70,17	814.160,96€
TOTAL INVESTIMENTO			100	1.160.220,16€

Así mesmo, no pacto terceiro da referida Addenda recóllese que “os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato de obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceiro do convenio”

- Mediante acordo do Pleno da Deputación núm. 4.7964, de data **31/03/2023** (BOPPO núm. 67 de 05/04/2023) aprobouse inicialmente a modificación de créditos núm. 3/2023 que deixou crédito na aplicación 2023/942.9420.762.25 a favor do concello da Illa de Arousa, por importe de 244.248,29 euros, con destino ao financiamento das seguintes propostas:
 - Mellora da rodadura en Travesía avda da Ponte, Barnal dos Lagos, Barnal e Salgueiral, por un importe de 48.012,80 euros (IVE engadido)
 - Mellora no camiño de acceso á area de Secada, no entorno do Monte e do Santo, por un importe de 48.097,50 euros (IVE engadido).
 - Renovación de servizos e pavimentación na rúa Charco, por importe de 48.375,65 euros (IVE engadido).



- Reposición de solado da Travesía da Hedras e Portiño, por un importe de 30.758,20 euros (IVE engadido).
- Liquidación ou revisión de prezos do proxecto “Urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao-EP 9803”, por un importe de 69.004,14 euros. Cabe subliñar que este importe corresponde a unha estimación posto que, na data na que é proposto pola entidade municipal para a súa elevación ao Pleno, aínda no se producira a emisión da certificación liquidación por parte da dirección de obra.

Rematado o prazo de exposición pública, non se presentaron reclamacións contra a devandita modificación do orzamento da Deputación de Pontevedra, polo que esta enténdese definitivamente aprobada.

- En data 25/05/2023, a dirección de obra emite a certificación final que arroxa un importe de 98.210,68 euros, IVE engadido, polo que a execución do contrato ascendeu a un total de **1.087.646,44 euros**. Segundo, o informe da Xefatura do servizo de infraestruturas, de data 17/01/2024, deste importe a cantidade a aportar polo IDAE ascendería a 760.923,99 euros, resultando un novo reparto entre as entidades co-financiadoras, tal e como se reflicte na táboa seguinte:

ORGANISMO	IMPORTE ACHEGA
Deputación de Pontevedra	228.705,72€
Concello da Illa de Arousa	98.016,73€
IDAE	760.923,99€
TOTAL	1.087.646,44 €

- Como resultado da liquidación da obra, sen prexuízo de que a cantidade a achegar polo IDAE poida sufrir algún tipo de variación, o Concello da Illa de Arousa tería dispoñible con respecto ao convenio inicial 250.049,32 euros, o que supón un incremento de 5.801,03 euros con respecto ao dispoñible inicialmente de 244.248,29 euros.
- Así mesmo, **no caso de que o IDAE non financie a liquidación**, o importe da mesma, é dicir, 98.210,68 euros repartiríanse entre a Deputación e o Concello da Illa de Arousa con suxeición as porcentaxes iniciais do 70% e do 30% recollidas no convenio, do seguinte modo:
 - Deputación (70%): 68.747,48 euros.
 - Concello da Illa de Arousa (30%): 29.463,20 euros.

Deste modo, quedaría un saldo pendente de aplicar ao favor do Concello por importe de 45.341,97 euros.



- En data 07/05/2024, mediante rexistro WEB2024029690, o Concello da Illa de Arousa solicita formalmente que o sobrante que corresponde ao Concello, quede configurado do modo seguinte:

Liquidación da obra “Recuperación da praza do Regueiro como espazo público de encontro e cohesión social das veciñas e veciños da Illa de Arousa”	45.341,97€
---	------------

Así mesmo, compre dar conta ao Pleno de que o crédito necesario para a liquidación da obra “Urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao-EP 9803” ascende a 29.463,20€, no lugar dos 69.004,14 establecidos inicialmente e consignados na aplicación orzamentaria 24/942.9420.762.25.2023; cantidade que se minora e se destina ao investimento reflectido na táboa.

